



PL

Política de Calidade da área de Infraestruturas e Comunicacions

Elaborado por Oficina de Calidade



XUNTA
DE GALICIA



CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Política de Calidade da área de Infraestruturas e Comunicacóns	VERSIÓN:	05.00
COD. DO DOCUMENTO:	SXCAL_PL_PolíticaCalidadeInfraestruturasTelecomunicacions		
ELABORADO POR:	Oficina de Calidade	DATA:	18/09/2017
VALIDADO POR:	Responsable Calidade e Seguridade	DATA:	10/11/2017
APROBADO POR:	Director da Área de Infraestruturas e Telecomunicacóns	DATA:	08/01/2018

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
03.00	Creación da Amtega	19/12/2012
04.00	Revisión da política e adaptación á versión 2015 norma ISO 9001	30/11/2017
05.00	Modificación da directriz nº 5	08/01/2017

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



POLÍTICA DE CALIDADE DA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E TELECOMUNICACIÓNS DA AMTEGA

O Centro de Xestión de Rede e o grupo de Arquitecturas Tecnolóxicas, facendo uso das ferramentas de xestión máis avanzadas, ofrecen aos seus usuarios servizos relacionados coas Tecnoloxías da Información e Comunicación, favorecendo, deste xeito, o desenvolvemento da sociedade da información e do coñecemento en Galicia.

O persoal da Área de Infraestruturas e Comunicacions, consciente da importancia da calidade á hora de acadar os obxectivos e satisfacer as necesidades dos seus usuarios, lidera a implantación nas súas instalacións e procesos dun **sistema de xestión da calidade** efectivo, eficiente, respectuoso co marco legal aplicable ás actividades propias da organización e co medio ambiente. O fin último é ofrecer aos usuarios a garantía de que van obter un servizo de calidade, tendo como obxectivo permanente o de soste e incrementar a súa satisfacción.

Establécense as seguintes directrices:

- 1 Lograr a plena satisfacción dos nosos usuarios, proporcionándolles servizos e produtos que estean de acordo cos seus requisitos, necesidades e expectativas, e seguindo as especificacións establecidas, incluídas as normas ou lexislación vixentes.
- 2 Todo o persoal dos departamentos, consciente de que a calidade do servizo ofrecido depende de todos e de cada un dos seus compoñentes, comprométese a coñecer e poñer en práctica todos os pasos establecidos en cada un dos procesos que se levan a cabo, seguindo o procedemento documentado, e a esforzarse en que todo aquilo que dicimos que podemos facer, poidamos demostrar que o facemos ben e cumprindo os prazos indicados.
- 3 Compromiso de, en función da dispoñibilidade financeira, dotar dos medios e recursos humanos e materiais necesarios para a consecución dos obxectivos establecidos, e de mellorar a xestión interna dos departamentos. Tamén serán programadas e realizadas as actividades de formación continua do persoal da organización, facilitándolle os coñecementos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade.
- 4 A Dirección, anualmente, fixará obxectivos de calidade, analizará o cumprimento dos fixados e revisará a adecuación e eficacia do sistema de xestión da calidade, afirmando deste xeito o prestixio dos departamentos e do seu persoal. A implantación e evolución do sistema de xestión da calidade oríéntase de forma que se traballe sobre a prevención dos defectos e a mellora continua, máis que sobre a súa corrección.
- 5 Esta política de calidade é entendida, implantanda e mantida ao día en todos os niveis da organización e conta co total compromiso e apoio da dirección da Amtega, que a establece, desenvolve e aplica por medio do sistema de xestión de calidade implantado. É apropiada ao propósito e contexto da organización e apoia á súa dirección estratéxica.
- 6 Traballar na mellora continua mediante o sistema de xestión de calidade e de calquera outro medio dispoñible, atendendo as queixas e suxestións dos usuarios, subministrándolle toda a información requirida, asegurando un servizo efectivo e eficaz, tendo como meta a de superar as expectativas dos clientes en relación ao servizo e produto solicitado.

O xefe do departamento de Seguridade e Calidade

O director da Área de Infraestruturas e
Telecomunicacións

Gustavo Herva Iglesias (sinatura electrónica)

Adrián Lence Paz (sinatura electrónica)

